



REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL LOURIZÁN (19/10/16)

ASISTENTES:

- Asociación de veciños Estriceres
- Comunidade de Montes
- ANPA Ceip a Carballeira
- Representante lugar Agrovello
- Asociación cultural Pousos da Area
- Asociación de mulleres rurales ARMEL
- Comisión de Festas
- Demetrio Gómez

O concelleiro delegado da parroquia Demetrio Gómez reúne cos membros do consello parroquial de Lourizán coa seguinte orde do día:

1. Presentación reforma casa de cultura de Estribela
2. Suxestións
3. Anexo (acordo sobre a casa de cultura do anterior consello parroquial) + (resumo plan de parroquia aprobado polo Consello Parroquial)

1.- Reforma casa de cultura

O concelleiro entrega a cada asistente un borrador do proxecto de distribución de espazos, coas suxestións feitas polos asistentes ao anterior consello parroquial. A intención é que se analice e se fagan achegas das modificacións que consideren pertinentes.

Na planta de abaixo estará unha sala para a organización de eventos e exposicións cun teito construído para o perfecta sonoridade de obras de teatro, concertos, etc. Dende esta sala accederase aos aseos, con acceso para as cadeiras de rodas, e ao ascensor. Dende a parte de atrás desta sala construírse unha nova entrada para acceder pola rúa posterior do edificio. Esta mesma planta tamén terá un distribuidor e dous almacéns. Na esquina do edificio seguirá o local da carnicería.

A escaleira de acceso á planta superior cambiará de sitio, pasará ao lugar que agora ocupa o ascensor, e o lugar da escaleira construírse un pequeno office con cociña que poderá ser utilizado para cursos de cociña ou para o que as entidades consideren oportuno.

O lugar que agora ocupan os baños pasará a ser almacén e o espazo dos despachos será ocupado polos aseos. No centro estará un vestíbulo con sala de estar.

A actual sala do fondo quedará perfectamente insonorizada e sonorizada para que as actividades que nela se desenrolen (clases de gaita, percusión...) non afecten a outras que se realicen ao mesmo tempo. A continuación estará unha sala de reunións e unha sala polivalente que dará a fachada principal, ao igual que o despacho das asociacións. Este despacho será compartido como pediron no anterior consello parroquial e con armarios independentes para cada asociación.

O centro social contará con todo o mobiliario necesario para o perfecto funcionamento do mesmo, e estase estudando o cambio da cristalera da fachada principal por unha galería.

O presidente da Asociación de veciños Estriceres e a presidenta da asociación de Mulleres Rurais mostran a súa desaprobación ao proxecto. Dito proxecto foi aprobado por unanimidade no anterior consello parroquial, eles incluídos. O seu descontento é polo tamaño do salón de actos, parécelle moi pequeno. O concelleiro Demetrio Gómez contéstalle que o tamaño da mesma se debe a que todos os espazos teñen que cumprir a normativa de accesibilidade o que fai que os accesos por toda a planta teñan que ser máis amplos, ao igual que o espazo necesario para o ascensor xa que ao ter tres portas necesita maior amplitude para que as cadeiras de rodas xiren en perfectas condicións. Ambos representantes veciñais queren que se compre outro edificio máis grande, preferiblemente noutro lugar máis céntrico da parroquia, e se acondicione para local social.

As modificacións na distribución do edificio serán estudadas polos asistentes o antes posible para axilizar o máis posible os trámites necesarios para dar comezo ao inicio das obras.

2.- Suxerencias

- Que o edificio sexa enerxéticamente eficiente, utilizando enerxías renovables, preferiblemente placas solares.
- Estudar a posible eliminación das columnas do salón de actos para gañar en visibilidade
- Tarima modular

3.- Anexo (acta anterior consello parroquial)

Lourizán disporá a medio prazo dun gran centro social multiusos no que as distintas asociacións veciñais e colectivos sociais da parroquia compartirán espazos e servizos. Será o resultado da reforma integral do actual centro social de Estribela que comparte instalacións co vello mercado baleiro. Na actualidade hai un posto de carnicería no mercado, que si non se chega a un acordo co propietario manterase nunha esquina do novo centro ata que lle venza o contrato en vigor.

Nesta xuntanza tratouse de definir dun xeito consensuado o catálogo de necesidades do novo centro e falar dun proxecto demandado dende hai anos pola veciñanza da zona.

Representantes sociais e concelleiro apuntaron a necesidade de dispor no novo dentro de espazos insonorizados con obxectivo de poder desenvolver actividades musicais e tamén actividades simultáneas sen estorbos. Tamén ven necesario un espazo amplo, diáfano e multifuncional con equipamento audiovisual para a realización de actividades moi concorridas.

Por outra banda dende o consello parroquial de Lourizán insistiuse en que cun único despacho-sala de xuntas chegaba para todos. Nel, iso si, haberá que poñer armarios individuais para que cada asociación e colectivo garde as súas cousas.

Na mente de todos estaba o modelo da Casa Verde, o centro social de Salcedo.

O concelleiro Demetrio Gómez traslada agora o programa de necesidades aos servizos técnicos municipais para que fagan o proxecto de reforma e remodelación integral do centro de Estribela. O anteprojecto será levado ao Consello parroquial para que o coñezan e fagan suxestións antes da súa licitación

Plan de parroquial

No plan de parroquia aprobado polo Consello Parroquial figuran na parte dedicada a “Áreas Recreativas” tres apartados (CS01, CS02 e CS03) con partidas destinadas ao acondicionamento do local social de Estribela.